

Acta de concesión da XXII Edición da Homenaxe “A Escritora na súa Terra – Letra E”

O sábado 13 de febreiro de 2016 reúnese ás 11.00 horas, no Museo do Pobo Galego, a Asemblea Ordinaria Anual de Socios e Socias da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega para acordar, entre outros puntos da orde do día, o nome da escritora ou escritor que sería homenaxeado este ano 2016 na súa Terra, no marco dunha iniciativa de irmandade literaria anual e vertebradora que, ao longo dos últimos vinte e un anos, se ten instituído na traxectoria do noso colectivo como unha alternativa complementaria á celebración do Día das Letras Galegas, isto é, unha actividade vivida en comunidade, que nace da vontade de premiar obras vivas, socialmente activas, ao tempo que persegue o recoñecemento e a posta en valor dunha figura clave do noso presente literario, nunha xornada en que o contacto directo, humano e profesional se converta no principal cómplice protagonista.

A Asemblea de Socios e Socias da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega aprobou nesta xornada, por unanimidade, concederlle esta XXII Edición Homenaxe “A Escritora na súa Terra – Letra E” a Helena Villar, autora referencial do canon literario galego após os comezos da renovadora década dos 80 e voz solidaria presente até hoxe naqueles reclamos literarios e iniciativas sociais colectivas a prol da normalización lingüística, da xustiza social e a restauración da memoria de noso.

Con este recoñecemento, de marcada simboloxía popular, a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega quere recoñecer o labor autorial dunha profusa e premiada obra literaria individual que supera a trintena de títulos, así como de xenerosa participación colectiva, en que convive a multiplicidade de xéneros: a poesía, a narrativa, o ensaio e onde a literatura especializada no público infantil adquire un valor pioneiro nos albores da década dos 80 co obxectivo de contribuír para asentir as bases da formación do primeiro lectorado en galego.

Asemade, esta asemblea acordou nomear Helena Villar Socia de Honra da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, en convivio de irmandade con aquelas outras figuras senlleiras e insignes da historiografía literaria galega que a precederon nas edicións anteriores: Avilés de Taramancos, Bernardino Graña, Manuel María, M^a Xosé Queizán, Xosé Neira Vilas, Uxío Novoneyra, Luz Pozo Garza, Xosé Chao Rego, Xosé Fernández Ferreiro, Salvador García-Bodaño, Pura Vázquez e Dora Vázquez, M^a do Carme Kruckenberg, Manuel Lourenzo, Xosé Vázquez Pintor, Agustín Fernández Paz, Marilar Aleixandre, Paco Martín, Xavier Rodríguez Baixeras, Marica Campo, Xabier P. DoCampo e Xosé María Álvarez Cáccamo.

Como Secretaria xeral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega dou fe co visto e praxe do Presidente.

*Mercedes Queixas Zas,
Secretaria xeral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega
Escola da I República - Cuartel vello
Rianxo, 25 de xuño de 2016*